

Pedrón de Ouro a Mini e Mero por achegarse á cultura oral

O galardón recoñece a súa traxectoria como investigadores da cultura oral // Levan corenta anos desenvolvendo un inmenso traballo de investigación musical

SANTIAGO. T.S.



O padroado da Fundación do Pedrón de Ouro acordou conceder o Pedrón de Ouro 2009 aos músicos Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias (Mini e Mero) –que foron uns dos fundadores de Fuxan os Ventos e agora están en A Quenlla– pola súa traxectoria como músicos, pedagogos e investigadores da tradición oral. O galardón será entregado o próximo 24 de maio nun acto literario que se celebrará na Casa Museo de Rosalía.

Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias, máis coñecidos como Mini e Mero, son autores de materiais musicais e literarios, contos, lendas, poemas, discos e refráns, libros de texto de ciencias sociais, naturais e lingua galega para o ensino Infantil e Primario.

Paralelamente levan corenta anos desenvolvendo un inmenso traballo de investigación musical a través de toda Galicia, pero especialmente pola súa Terra Cha natal e polas terras de Boimorto e Mesía, onde exercen a súa profesión de profesores, en busca de persoas dispostas a compartir a súa sabedoría popular.

Todo este material, por eles recollido en miles de cintas magnetofónicas, foille cedido ao Museo do Pobo Galego para ser dixitalizado e pasar a formar parte do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade, que moi pronto estará dispoñible na páxina web do Museo.

DIFUSIÓN DO GALEGO NO SEU PAÍS

Recoñecemento á filóloga rumana Mariana Ploae-Hanganu

O Pedrón de Honra 2009 foi para a filóloga romanese Mariana Ploae-Hanganu, polo seu labor de difusión da lingua e literatura galegas no seu país.

Esta profesora da Universidade de Bucarest e investigadora do Instituto de Lingüística da Academia Romanesa en Bucarest, ven realizando, desde hai moitos anos, un gran labor de difusión en Romanía das linguas e literaturas portuguesa e galega.

Autora dun manual de fonoloxía portuguesa para estudantes romaneses e de traballos sobre o ensino deste idioma, publicou cousas sobre varios autores portugueses. A finais dos 80 comeza a

preocuparse polo estudo da lingua galega. En 1989 publica en revistas de Romanía traballos sobre o vocalismo do galego; e en 1994 participa en Oxford no IV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, cun relatorio sobre as sibilantes do galego e do romanés. Nos últimos anos, estivo traballando na tradución da prosa literaria de Castelao ao romanés.